

recoñecido prestixio no eido da literatura galega. A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame

8. As súas deliberacións serán secretas e delas estendense a acta correspondente. A súa decisión, inapelable, farase pública con antelación á celebración dos Xogos Florais, que terán lugar no mes de maio en data por determinar, a través da súa publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Pontearreas. Os galardoados deberán estar necesariamente presentes nos Xogos Florais, neste acto terán que ler os seus traballos e faráselles entrega do galardón.
9. O Concello de Pontearreas resérvarase o dereito de publicar as obras galardoadas nun libro conmemorativo do evento, do que cada autor galardoado recibirá 10 exemplares como agasallo.
10. As obras non premiadas serán destruídas.
11. Corresponde ao xurado a interpretación das presentes bases. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das mesmas así como a decisión do xurado.

participa!

IV XOGOS FLORAIS PONTEAREAS - 2019 -



Bases do concurso de poesía



BASES DO CONCURSO DE POESÍA:

1. Poderán concorrer todos os autores/as que o desexen atendendo as categorías seguintes:

√ Infantil: de 9 a 13 anos.

√ Xuvenil: de 14 a 18 anos

√ Adultos: maiores de 18 anos

Para o cómputo de idade, establécese como data de referencia o 26 de abril de 2019 (día no que remata o prazo de entrega dos traballos participantes).

No caso das categorías infantil e xuvenil, deben incluír unha autorización de participación asinada polo pai, nai ou titor legal do concursante.

2. As persoas participantes deberán entregar o texto en folios mecanografados por unha soa cara a dobre espazo e letra do corpo 12.

3. Os textos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega. O tema é libre.

A extensión mínima será de 14 versos e a máxima de 40. Só se admitirá un poema por participante.

4. Os poemas presentaranse baixo pseudónimo. Para garantir o anonimato, non poderán aparecer datos

persoais nin sinaturas. En cada traballo só pode aparecer a categoría (infantil, xuvenil ou adulto) e un pseudónimo do autor ou autora (nunca o nome real) Os datos persoais introducíranse nun sobre pechado que conterá o nome e apelidos do/a participante, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal, enderezo electrónico e, no seu caso, a autorización do pai, nai, ou titor legal.

Desbotaranse todos os textos que non cumpran estritamente estas bases.

O sobre pechado cos datos persoais introducirase nun sobre mais grande xunto con cinco copias do poema. No remite deste sobre grande indicárase a categoría á que pertencen e mailo pseudónimo.

5. Os traballos entreganse na Biblioteca Municipal de Ponteareas (rúa Perillana, 11) de luns a venres en horario de 8.00 a 21.00 horas. O prazo empezará a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web www.ponteareas.gal, e rematará o 26 de abril de 2019.

6. Fixaranse un total de tres premios en cada categoría que consistirán na entrega dunha flor natural, diploma acreditativo e unha peza de artesanía galega conmemorativa a cada un dos premiados.

7. O xurado estará presidido polo alcalde do Concello ou persoa na que delegue, e integrado por persoas de